

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 1912** *Orde APA/101/2020, do 6 de febreiro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O 31 de outubro de 2017 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

Tras a aprobación, mediante a Decisión de Execución (UE) 2019/974 da Comisión, do 12 de xuño de 2019, pola que se aproban os programas nacionais de mellora da produción e a comercialización de produtos apícolas presentados polos Estados membros en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do novo Programa nacional de axudas á mellora da produción e comercialización de produtos apícolas (en España tamén denominado Plan nacional apícola para o trienio 2020-2022), resulta preciso realizar uns cambios concretos no anexo do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, que recolle a información que deben comunicar as comunidades autónomas sobre a execución do programa apícola no seu ámbito territorial, relativos aos indicadores de rendemento das axudas. O Plan está dispoñible no enderezo <https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-ymercados-ganaderos/sectores-ganaderos/apicola/pna.aspx>, deste ministerio, e na páxina web da Comisión Europea (<https://ec.europa.eu/info/food-farming-fisheries/animals-and-animal-products/animal-products/honey/apiculture/programmes> en).

Así, a modificación do anexo do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, resulta necesaria para adecuar o seu contido ao do anexo 8 do Plan nacional apícola para o trienio 2020-2022, relativo á información que deben comunicar as comunidades autónomas respecto da execución do programa apícola no seu ámbito territorial, relacionada cos indicadores de rendemento das axudas, debido á introdución de novidades neles respecto ao anterior período 2017-2019. Así, os novos indicadores, propostos por este ministerio á Comisión Europea e aprobados por esta, son necesarios para o adecuado cumprimento das obrigacións comprometidas coa Comisión Europea que se asumen no citado plan.

O Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, faculta, na súa disposición derradeira terceira, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar o seu anexo ás modificacións que aprobe a Comisión Europea en futuros plans posteriores a 2019, ou na normativa da Unión Europea.

O presente réxime de axudas axústase ao disposto no Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás axudas ao sector da apicultura, e no Regulamento delegado (UE) 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás axudas ao sector da apicultura, que establecen as disposicións de aplicación dos programas nacionais apícolas, así como aspectos relativos ao seu financiamento.

Esta norma adécuase aos principios de boa regulación, previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, sobre os principios de necesidade e eficacia, a norma está xustificada con base en que as comunidades autónomas deben comunicar determinada información sobre os indicadores de axudas, co fin de que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

dispoña da información correspondente para o efecto. A adecuación ao principio de proporcionalidade cúmprese, dado que a presente norma contén a regulación imprescindible para atender a necesidade, antes citada, de aplicar unha pequena modificación derivada do Plan nacional apícola para o trienio 2020-2022, aprobado pola Comisión Europea. Por outra parte, a norma contribúe a reforzar o principio de seguridade xurídica, en atención aos destinatarios das axudas. O principio de transparencia cúmprese pola participación ofrecida aos potenciais destinatarios na elaboración da norma, mediante a audiencia e información públicas realizadas a través da páxina web do departamento, a través da consulta directa ás comunidades autónomas e mediante a consulta directa ás principais entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e polo feito de que a norma define claramente os seus obxectivos. Finalmente, a adecuación ao principio de eficiencia deriva do feito de que esta orde non comporta a imposición de cargas administrativas.

A presente orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, emitiron os seus preceptivos informes, de acordo co previsto no artigo 17.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada, no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O anexo do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, substitúese polo seguinte:

«ANEXO

Información que deben comunicar as comunidades autónomas sobre a execución do programa apícola no seu ámbito territorial

I. Balance do plan de control de axudas á apicultura

1. Incidencias do control administrativo:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.

2. Incidencias do control «in situ»:

2.1 Control aleatorio:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.

2.2 Incidencias do control dirixido:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.

II. Indicadores de rendemento para as medidas apícolas

1. Asistencia técnica:

- 1.1 Número de cursos financiados.
- 1.2 Número de documentos técnicos publicados.
- 1.3 Número de apicultores que recibiron formación.
- 1.4 Ratio de técnicos contratados por colmea ou por apicultor.

2. Loita contra a varroose e outros agresores:

- 2.1 Número de tratamentos de varroa financiados.
- 2.2 Ratio de tratamentos de varroa financiados por explotación.
- 2.3 Custo medio do tratamento fronte a varroa por colmea.
- 2.4 Número de intervencións financiadas fronte a outros agresores e enfermidades.
- 2.5 Número e tipo de produtos utilizados para a sobrealimentación de abellas.
- 2.6 Número de tratamentos de purificación de cera subvencionados.

3. Racionalización da transhumancia:

- 3.1 Número de apicultores financiados (indicando o alcance en colmeas e a porcentaxe sobre o total de apicultores rexistrados).
- 3.2 Número de apicultores que se beneficiaron da compra de equipamento.
- 3.3 Custo medio do investimento financiado.
- 3.4 Número de apicultores que incorporaron marxes florais.
- 3.5 Número de cotas de seguro financiadas (calculadas por apicultor e número total de colmeas).

4. Apoio a laboratorios de análises:

- 4.1 Número e tipo de análises de acordo coa directiva do mel.
- 4.2 Número e tipo doutras análises en mel financiadas.
- 4.3 Número de análises efectuadas noutros produtos.
- 4.4 Número de análises de residuos en cera.

5. Repoboación:

- 5.1 Número de apicultores financiados.
- 5.2 Número de apicultores vendedores de material reprodutivo apoiados.
- 5.3 Custo medio da compra de raíñas.

6. Seguimento de mercado:

- 6.1 Número de estudos de mercado financiados.
- 6.2 Número de documentos técnicos publicados.

7. Mellora da calidade:

- 7.1 Número de técnicos de comercialización contratados.
- 7.2 Ratio de técnicos contratados (en colmeas).
- 7.3 Número de figuras de calidade desenvoltas.
- 7.4 Custo medio dos investimentos en materia de envasado e comercialización.
- 7.5 Número de actuacións de promoción financiadas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de febreiro de 2020.— O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.